

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 6 de febreiro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación, e de licenza de obras para construción de industria cárnica en estrada da Coruña, número 95.

Así mesmo, acórdase a denegación de licenza municipal de instalación e de obras para unha estación base de telefonía móbil, na rúa Margarida, número 28.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de rehabilitación interior do inmovible para acondicionalo como vivenda, en edificio existente con licenza número 1424/10, sito en solo urbano na praza do Cantiño, número 7.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación de planta baixa, sita en solo urbano, na rúa Armórica, número 46; para demolición da edificación de planta baixa, sita en solo urbano, na rúa Armórica, número 50; para demolición da edificación de planta baixa, sita en solo urbano, na rúa Armórica, número 52; para demolición de muro de contención e nova construción, sita no núcleo rural de Tolda de Meilán, números 25-31; para reforma interior de local sen afectar a estrutura no edificio con licenza número 729/74, sito en solo urbano na rúa Montero Ríos, número 24; para acondicionamento de local e reforma de fachada en planta baixa esquerda do edificio con licenza de obra número 210/86, sito en solo urbano na ronda das Fontiñas, número 119; para cambio de uso de local de oficina a vivenda na planta primeira, esquerda, do

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	21/02/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	Pf6L2dfseZHFYZLYc1/esA==	PÁGINA	1/3



Pf6L2dfseZHFYZLYc1/esA==

edificio construído coa licenza número 483/94, sito en solo urbano na rúa Manuel María, número 1, portal 4; para cambio de uso de oficina a local de oficina e vivenda na planta 1ª do edificio construído coa licenza número 1062/99, sito en solo urbano na ronda da Muralla, número 55 e para a legalización e rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada atopándose dentro do ámbito do núcleo rural 17.7 Casa de Monte Redondo, parroquia de Carballido.

Acórdase a denegación de licenza para instalación de estación base de telefonía móbil, constituída por equipos e mastro para antenas, na rúa Monte Faro, número 15.

Do mesmo xeito, acórdase a denegación de licenza para instalación de estación base de telefonía móbil, constituída por equipos e mastro para antenas, na rúa Serra Gañidoira, número 40.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do procedemento selectivo convocado por este Concello para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a técnico/a topógrafo/a, vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, en quenda libre.

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal adscrito ao Centro de Convivencia da Milagrosa e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN


4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa entidade correspondente ao servizo de atención telefónica aos cidadáns (010) no Concello de Lugo, polo prazo de tres meses ou ben prazo inferior ata a formalización do novo contrato, contada con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2013.

Acórdase que polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento se faga unha proposta de instrucción do conxunto de actividades de execución dos contratos de prestación de servizos, no expediente de solicitude da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo en relación co acordo da Xunta de Persoal do 4 de outubro de 2012 para que se emita informe sobre as externalizacións de servizos e funcións que existan neste momento no Concello de Lugo.

Así mesmo, acórdase a desestimación da solicitude de admisión no procedemento presentada por don Juan Carlos Quiroga Rey (Punto G Publicidad)

Código Seguro de verificación: Pf6L2dfseZHfYZLYc1/esA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	21/02/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	Pf6L2dfseZHfYZLYc1/esA==	PÁGINA 2/3



Pf6L2dfseZHfYZLYc1/esA==

na contratación dunha entidade que xestione un programa de formación e deseño un portal empresarial para a Praza de Abastos e Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, cofinanciados nun 80% pola unión europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013). Proxecto 12UR2001 urban formación ocupacional comercio e proxecto 12ur4002 urban Praza de Abastos.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a resolución das reclamacións presentadas por varios membros da Policía Local en materia salarial.
- Acórdase a selección de empresas subministradoras dos vehículos e declaración de deserto do procedemento de adxudicación de entidade financeira da modificación do prego de cláusulas administrativas e nova convocatoria mediante procedemento aberto para adxudicación do contrato a entidade financeira na contratación da subministración mediante lotes dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e un vehículo radio patrulla para a Policía Local mediante alugamento financeiro (operación de leasing).

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lengua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: Pf6L2dfseZHFYZLYc1/esA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	21/02/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	Pf6L2dfseZHFYZLYc1/esA==	PÁGINA	3/3
 Pf6L2dfseZHFYZLYc1/esA==				